


A ARTE ROMÁNICA

2º ESO

- Arte inspirada no mundo romano
- Arte eminentemente relixiosa
- Emprega múltiples símbolos cristiáns
- Quere ensinar ou culturizar (catequizar) ao pobo



ARQUITECTURA ROMÁNICA

Identifica as partes dunha igrexa románica a través da súa PLANTA

Naves (central, laterais)

Transepto

Cruceiro


Altar maior

Ábsides

Torres

Contrafortes

Portas




Elementos arquitectónicos

Arco: medio punto

Bóveda: de cañón

Contrafortes para
neutralizar o peso das
grosas paredes

Uso xeralizado da pedra
porque as construcións
teñen que durar moito
tempo



La sucesión de arcos de medio
punto forma la bóveda de cañón

Igrexas - fortalezas

A arquitectura de moitas igrexas é robusta (forte, compacta) e austera (sen decoración) porque os edificios serven tamén como lugar defensivo.


San Martín de Frómista (Palencia)



As torres dan un aire defensivo á igrexa.
O cimborio aumenta a iluminación interior porque as vantaxes son pequenas e pouco numerosas

San Clemente de Tahull (Lleida)

- Igrexa que destaca pola súa esbelta torre-campanario, empregada para previr a chegada de inimigos e para anunciar misas, enterros e festas relixiosas.
- O edificio ten tres naves que culminan nas súas respectivas ábsidas.
- A decoración exterior é a base de arcos situados xusto debaixo do aleiro ou tellado.



Cimborio

Constrúese para facer máis visible a igrexa ou catedral, mais sobor de todo para gañar iluminación a través de ventás colocadas a gran altura.




É a parte que coroa o cruceiro (cruce da nave central e o transepto).

En Pisa, edificios illados


- A famosa torre inclinada de Pisa (Italia), é en realidade o campanario da súa catedral, que tamén ten o baptisterio (edificio para realizar os bautismos) nun edificio illado.
- Ocorre algo similar nas catedrais galegas?






Unha escultura arquitectónica

A escultura adáptase á arquitectura nos tímpanos, arquivoltas, parteluces, capiteis das columnas, etc.



IDENTIFICA CADA PARTE



- A: tímpano
- B: arquitrabe ou friso
- C: arquivoltas
- D: parteluz
- E: xambas (espazo entre arquivoltas)
- F: porta

Ensinar con imaxes

Como o pobo non sabe ler, as palabras do cura (os sermóns) refórzanse con imaxes que chegan a dar medo ou son feas para simbolizar o pecado, por exemplo.

Neste capitel do monasterio de Santo Domingo de Silos represéntase ao demo con orellas puntiagudas, un rabo acabado en flecha... Que medo!



O Xuízo Final

Outro dos temas máis repetidos nos tímpanos é o Xuízo Final, para explicar aos cristiáns que no momento da morte Deus xulgará a cadaquén polos seus actos (igreja de Moissac, Francia).



Pintura románica

A pintura románica efectúase coa técnica do fresco (enlócese a parede con xeso e antes de que se seque píntase encima).



Dese xeito téntase garantir unha maior duración. Soen empregarse cores básicas (azuis e vermellos). Como son pinturas dos séculos XI, XII e XIII, moitas desapareceron.

A pintura case sempre ten temática relixiosa... con excepcións como a Cripta de San Isidoro de León.


O calendario agrícola



En San Isidoro reflíctense os doce meses do ano con pinturas (alegorías ou metáforas) do calendario agrícola.

O Pantocrátor

- A figura máis representada é o Pantocrátor, é dicir, Deus xusticieiro.
- Aparece rodeado por unha mandorla (unha especie de améndoa) e dos catro evanxelistas (tetramorfos).



San Clemente de Tahull (Lleida)

